

DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTIPULADOS NA BASE 4ª

Don/Dona

O/a candidato/a á XVIII Edición do Premio Manuel Colmeiro declara que o traballo presentado cumpre cos requisitos estipulados na base 4ª:

 O/A QUE ABAIXO ASINA DECLARA QUE O TRABALLO PRESENTADO É ORIXINAL E INÉDITO E NON PREMIADO CON ANTERIORIDADE

Asdo. (o/a solicitante):

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a asociacións de estudantes universitarios para o curso académico 2008/2009.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades, que foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo.

A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo, e a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, no seu artigo 46.2º, recoñécelles aos estudantes o dereito de asociación no ámbito universitario.

Nesta liña, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera conveniente estimular o asociacionismo no ámbito universitario, así como prestar apoio ás actividades de carácter formativo e científico organizadas polas asociacións de estudantes deste nivel do ensino como un modo de potenciar o dinamismo da universidade e o papel activo dos estudantes.

En consecuencia, co fin de poñer en práctica esta tarefa, dentro das dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta as experiencias das convocatorias

pasadas, convócanse axudas destinadas ás asociacións estudiantís universitarias de Galicia.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Convócanse axudas para as asociacións de estudantes das tres universidades galegas, en réxime de concorrencia competitiva, co obxectivo de apoiar actividades que favorezan o asociacionismo no ámbito universitario, así como potenciar aquelas outras actividades de carácter formativo e científico que as devanditas asociacións organicen.

2. As actividades concretas para as que pode solicitar axuda son as seguintes:

a) Actividades que teñan por obxecto o fomento e a difusión da lingua e da cultura galega nas universidades.

b) Actividades relacionadas con proxectos de sensibilización social e de cooperación para o desenvolvemento.

c) Actividades relacionadas coa acollida de estudantes universitarios de fóra de Galicia.

d) Actividades que teñan como finalidade a formación e mellora das condicións de estudo, e as que relacionan ao estudante universitario co mundo do traballo e o seu futuro profesional.

e) A organización de reunións e congresos científicos, humanísticos ou formativos, sempre que a finalidade do congreso ou reunión estea directamente relacionada cos obxectivos da asociación e co obxectivo desta convocatoria.

3. As actividades propostas deberán repercutir directamente no ámbito estudiantil universitario e ser realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia, non podendo subvencionarse as actividades diferen-

tes das sinaladas nos puntos anteriores, quedando excluídas as que propoñan viaxes turísticas e as que teñan finalidade partidista, sindical, relixiosa ou lucrativa.

Artigo 2º.-Orzamento e contía das axudas.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe global de 10.000 euros.

2. A contía máxima da axuda que poderá recibir a asociación pola actividade realizada non poderá superar os 3.000 euros.

Artigo 3º.-Requisitos.

Poden solicitar estas axudas as asociacións de estudantes das tres universidades do SUG que cumpren os seguintes requisitos:

1º Acreditar estaren dadas de alta como asociación de estudantes no rexistro dunha das universidades do SUG.

2º Non teren ánimo de lucro.

3º Estaren constituídas por estudantes en activo, quedando, polo tanto, excluídas as asociacións de antigos alumnos.

4º Que as súas actividades sexan realizadas na comunidade autónoma, se desenvolvan preferentemente no seo da comunidade universitaria e repercutan directamente nos seus estudantes.

Artigo 4º.-Período das actividades.

A actividade para a que se solicite a axuda será realizada durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2009, ambos os dous días incluídos.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. Só se poderá solicitar unha actividade por asociación.

2. A solicitude, segundo o modelo ED 403A que se publica como anexo á presente orde, asinada polo presidente ou representante legal da asociación, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, dirixida á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (Subdirección Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), ou ben, en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se a solicitude é remitida por correo, presentarse en correos en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución de 25 de xuño de 2007, DOG do 3 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia do CIF da asociación.

b) Documento acreditativo, asinado polo vicerreitor ou vicerreitora competente en materia de estudantes da súa universidade de estar dada de alta como asociación de estudantes.

c) Copia dos estatutos da asociación e, se e o caso, do seu regulamento.

d) Copia do DNI, NIF ou pasaporte do representante legal da asociación que solicita a axuda e documento que acredite as facultades outorgadas como representante legal desta (nomeamento, poderes, etc.).

e) Memoria das actividades realizadas pola asociación no último ano, co visto e prace do vicerreitor ou vicerreitora competente en materia de estudantes da universidade na que está inscrita a asociación.

f) Memoria xustificativa da actividade para a que se solicita a axuda, co visto e prace do vicerreitor/a competente en materia de estudantes, en que se especifique claramente: nome ou razón social da asociación, nº de estudantes asociados, denominación da actividade para a que se solicita axuda, obxectivos que se desexan acadar, adecuación da actividade ao obxecto da convocatoria, descrición da actividade, datas de realización, orzamento detallado desagregado por partidas básicas de ingresos e gastos que comporta a actividade, número de estudantes universitarios que se prevé que participarán na actividade, resultados previstos ou repercusión que se considera que pode ter a actividade no ámbito estudantil universitario e calquera outra observación que a asociación considere que se debe ter en conta á hora de valorar a petición, podendo engadir tanta documentación de apoio considere necesaria.

No caso de que a actividade comporte a edición de publicacións ou publicidade deberán achegar coa memoria exemplares delas.

O modelo normalizado de memoria xustificativa da actividade poderá obterse nas dependencias da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG (Servizo de Apoio e Orientación aos estudantes universitarios) da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, así como no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

g) Unha declaración responsable do solicitante de todas as axudas solicitadas e concedidas para un mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

h) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome da asociación e de dous dos seus representantes legais, en que conste o número de conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dñxito de control.

Non terá que achegar os documentos especificados nas letras a) e c) a asociación que os presentase con anterioridade perante a dirección xeral con competencias en universidades, sempre que non transcorresen máis de 5 anos desde a súa presentación e estivesen admitidos como válidos, e non fosen obxecto de ningunha modificación desde esa data. Neste suposto, a asociación solicitante terá que especificar por escrito a data en que foron presentados.

Artigo 6º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Enténdese por último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 7º.-*Tramitación.*

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas con motivos de exclusión no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, tamén poderán consultarse nas delegacións provinciais da citada consellería e nos vicerreitorados de estudantes das tres universidades galegas.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 29 de abril. Os interesados dispoñerán dun prazo de reclamación comprendido entre o día 30 de abril ata 12 de maio, ambos os dous incluídos para emendar erros e falta de documentación, que presentarán ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, achegando a documentación necesaria.

Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos establecidos na Lei 30/1992.

Artigo 8º.-*Comisión avaliadora.*

1. A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente: o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Gal-

cia ou, por delegación, o titular da Subdirección Xeral de Universidades.

Vogais: o membro do equipo do goberno da Universidade da Coruña, responsable da materia.

O membro do equipo do goberno da Universidade de Santiago de Compostela, responsable da materia.

O membro do equipo do goberno da Universidade de Vigo, responsable da materia.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudiantes Universitarios.

Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral, ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 9º.-*Selección e contía.*

1. A selección das asociacións de estudantes ás que se lles concederá a axuda será realizada pola comisión avaliadora, segundo a memoria de actividades presentada, artigo 5.3º f) desta orde, e sempre que tales actividades sexan das especificadas no artigo 1º da convocatoria, e segundo os seguintes criterios:

a) Interese formativo, científico e social da actividade que se pretende realizar, que deberá repercutir directamente no ámbito estudantil: ata 4 puntos.

b) Alcance interuniversitario da actividade (considerarase alcance interuniversitario cando a actividade estea deseñada e dirixida por e para alumnos de máis dunha universidade): ata 2 puntos.

c) Número de estudantes universitarios destinatarios da actividade: ata 1,5 puntos.

d) Grao de implicación dos estudantes universitarios na organización e desenvolvemento da actividade: ata 1,5 puntos.

e) Memoria resumida da asociación e memoria resumida de actividades: ata 1 punto.

2. Para determinar a contía da axuda concedida, a comisión avaliadora, asignará a cantidade de 150 euros por cada 0,50 puntos obtidos, cuxa cantidade non poderá superar a contía máxima establecida no artigo 2º.2.

No caso de posuír a mesma puntuación, terán preferencia para a concesión da axuda aquelas memorias que obteñan unha maior puntuación na letra a) e de continuar o empate, aplicaríanse sucesivamente os demais apartados.

3. A comisión avaliadora poderá solicitar, se o coída necesario, documentación complementaria en relación co proxecto para o que se solicita a axuda, así como poderá propor unha relación de suplentes integrada polas solicitudes que non se outorgaron, ordenada segundo a puntuación acadada.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta ao titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o titular da consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23, número 4, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, debendo entenderse desestimadas de non dítarse resolución expresa neste prazo.

Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

Artigo 11º.-*Aceptación da axuda.*

1. A aceptación da axuda formalizarase mediante documento normalizado, asinado polo presidente ou representante legal da asociación, en que se comprometerá a cumprir os requisitos e obrigas fixadas na convocatoria e que presentará no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de concesión no DOG.

O modelo normalizado de aceptación poderá obterse nas dependencias da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG (Servizo de Apoio e Orientación aos estudantes universitarios) da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, así como no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

2. Os solicitantes que renunciem á axuda poderán ser substituídas pola Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo coa relación de suplentes, se a houbese, que se estableza na resolución. Entenderase por renun-

cia cando o beneficiario non presente o documento de aceptación ou o resto da documentación requirida no prazo e condicións que se sinalan nesta orde.

Artigo 12º.-*Pagamento.*

1. O presidente ou representante legal da Asociación deberá presentar ante do vicerreitorado competente en materia de estudantes unha memoria do cumprimento da actividade subvencionada en que se detallan os gastos realizados na súa execución, acompañada das correspondentes facturas e documentos xustificativos de pagamento.

2. O importe da axuda será realizado en dous pagamentos á universidade correspondente, que procederá a ingresar a contía adxudicada á asociación beneficiaria.

O primeiro pagamento, correspondente ao 70% do total concedido, tramitarase unha vez resolta a convocatoria e formalizada a aceptación por parte da asociación beneficiaria. O 30% restante farase cando a universidade, antes do 15 de novembro de 2009, acredite perante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia a realización efectiva da actividade mediante unha certificación do secretario ou xerente da mesma, á que se acompañará unha relación de gastos e pagamentos.

As universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, asinantes do convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con data do 3 de marzo de 2005, en que se regulan as condicións e obrigas adquiridas por estas, asumen as recollidas no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 13º.-*Incompatibilidades.*

1. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17, punto 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións concedidas para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos ou privados que superen o custo da actividade subvencionada dará lugar á modificación da resolución de concesión, debendo a asociación beneficiaria proceder ao reintegro das cantidades percibidas.

Artigo 14º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. O presidente ou representante legal da asociación de estudantes será a persoa responsable ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, asinará a solicitude e

asumirá todas as responsabilidades do destino da axuda.

2. As asociacións beneficiarias, polo só feito de solicitar esta axuda, comprométense a aceptar o contido desta convocatoria e o seu resultado, así como a cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar a actividade que fundamenta a concesión da axuda, sen que caiba cambio ou modificación ningunha do obxecto e da finalidade para a que foi concedida. En calquera caso, toda incidencia que supoña modificación do programa inicial da actividade deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

b) Presentar ante da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia-Subdirección Xeral de Universidades, dentro do prazo que se estable no artigo 11 anterior, o documento normalizado de aceptación.

c) Acreditar ante o equipo do goberno responsable da materia da universidade correspondente, unha vez rematada a actividade, unha memoria económica do cumprimento da actividade con toda a documentación xustificativa.

d) Comunicar por escrito, á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia-Subdirección Xeral de Universidades, a renuncia á axuda tan pronto como se produza a causa que determine a dita renuncia.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes da calquera Administración ou ente público ou privado.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente.

3. A asociación beneficiaria fará constar, sempre que sexa posible, nas publicacións e materiais que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas a seguinte expresión «Co apoio da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia».

4. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante, segundo o disposto no artigo 33 da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión da axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a facer públi-

cos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas. A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1º K da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facultase o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde, poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o titular da consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior do Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

Terceira.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Dirección Xeral de Ordenación e Calidade
 do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO

PROCEDEMENTO AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES DAS UNIVERSIDADES GALEGAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED403A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ASOCIACIÓN

ASOCIACIÓN		CIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	UNIVERSIDADE NA QUE ESTÁ INSCRITA	
[]	[]	[]	
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

DATOS DO/A SEU/SÚA PRESIDENTE/A OU REPRESENTANTE LEGAL

APELIDOS	NOME	NIF
[]	[]	[]
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
[]	[]	[]
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO
[]	[]	[]
FAX		CORREO ELECTRÓNICO
[]		[]

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
[]	[]		
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
[]	[]	[]	

OBJECTO DA AXUDA

AXUDAS PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE	ORZAMENTO
[]	[]
[]	[]
[]	[]

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> COPIA DO CIF DA ASOCIACIÓN. <input type="checkbox"/> DOCUMENTO ACREDITATIVO DE ESTAR DADA DE ALTA COMO ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES NUNHA DAS UNIVERSIDADES DO SUG. <input type="checkbox"/> COPIA DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN E, SE É O CASO, DO SEU REGULAMENTO. <input type="checkbox"/> COPIA DO DNI, NIF OU PASAPORTE DO REPRESENTANTE LEGAL DA ASOCIACIÓN QUE SOLICITA A AXUDA E DOCUMENTO QUE ACREDITE AS FACULTADES OUTORGADAS COMO REPRESENTANTE LEGAL DELA (NOMEAMENTO, PODERES, ETC). <input type="checkbox"/> MEMORIA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN NO ÚLTIMO ANO, CO VISTO E PRACE DO/A VICERREITOR/A COMPETENTE EN MATERIA DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE. <input type="checkbox"/> MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A AXUDA CO VISTO E PRACE DO/A VICERREITOR/A COMPETENTE EN MATERIA DE ESTUDANTES. <input type="checkbox"/> UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA UN MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE, PERANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ENTES PÚBLICOS. <input type="checkbox"/> DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA A NOME DA ASOCIACIÓN E DE DOUS DOS SEUS REPRESENTANTES LEGAIS, EN QUE CONSTE O NÚMERO DE CONTA.
--

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente. A persoa abaixo asinante fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria establecidas no artigo 10 puntos 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OBSERVACIÓNS:

[]

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a asociacións de estudantes universitarios para o curso académico 2008/2009.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DA ASOCIACIÓN

[]	de	de
-----	----	----

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	[]
REVISADO E CONFORME	[]

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA	[]
DATA DE EFECTOS	[]
DATA DE SAÍDA	[]